

PREMIOS DO CONCURSO “DA REBORAINA” XXII EDICIÓN – ANO 2021

1º PREMIO PARA SAMUEL COVELO VIDAL



2º PREMIO PARA ANTÍA MARTÍNEZ LAGO

3º PREMIO PARA SARA RODRÍGUEZ VILAR DE 3º ESO C

TEXTO DOS RELATOS GAÑADORES

1º PREMIO SAMUEL COVELO VIDAL

Alumno de 3º ESO B

ROSA

11/12/1985

Para ti:

"É a rosa do meu principiño". Iso foi o primeiro que pensei cando te vin. Encontreite, por fin. Busquei, equivoqueime moitas veces, pero aquí estás. Moito máis preto do que pensaba, moito máis. Antes non o cría pero, ti es iso que me fai levantar todas as mañás, iso que me fai sentir alguén neste mundo onde sempre un parece tan pequeno. Pequeno e fráxil. Coma ti, coma min, coma todos ata certo punto. Es delicada, atenta, queresme e respéctasme. Non o vin ata agora. Sempre estiveches aquí. Co teu tallo de



esperanza e seguridade e os teus pétalos de agarimo e ledicia. Tes espiñas, si, e que? Ás veces es medoñenta, esixente, pero sempre, sempre es ti. Por iso e por outras cousas, quérote. Quérote e por fin agora podo dicilo. Nunca imaxinei chegar a dicir isto, e menos a ti. É certo que esta percepción de ti, tiven que traballala, porque non foi sempre así para min. Odiábate, desprezábate, rexeitábate, falaba mal de ti como falo mal agora da envexa ou da cobiza e de todo ese tipo de cousas que sabes ben que non aguanto. Ás veces quería negar a túa existencia, aínda que fose obvia e totalmente real. Pero naquel momento non sabía nada. Nin sequera te coñecía ben, e naquel momento non estaba preparado para isto. Nin moito menos.

Pero algo en min cambiou, algo en min fixo un "click" e todo encaixou. Mireite por primeira vez e recoñecinte, como a persoa marabillosa que es, protectora, delicada, preciosa, sabia, temperamental, segura, coma unha rosa. Como a rosa do principiño, que saía por primeira vez desa cápsula que a tiña encerrada. E puiden ulirte. Puiden notarte, bicarte, coñecerte, amarte. Por primeira vez, decateime de todo, e deime conta do absurdo e o sen sentido que era rexeitarte. Perdoa por todo o dano que puiden facerche, por todas as feridas que puiden provocarche, dende aquí, pídoche perdón. Por todas as bágoas, tristes, frías que fixen que esvararan pola túa meixela. Por todo, unha vez máis, síntoo.

Agora que xa pasou todo, estou orgulloso de dicir que es parte de min, que eu son ti e ti es eu. Síntome moi ledo e ceibe ao poder expresarme e contarche todo. Por fin me quero a min mesmo, por fin souben encontrar a miña rosa. Grazas.

De ti.

PD: Quérete.

Asinado: O Principiño

2º RPEMIO ANTÍA MARTÍNEZ LAGO

Alumna de 3º ESO C



LARA

Un, dous, tres... contaba eu, neste momento, os toques de son que producía o reloxo que estaba presente naquela habitación insípida. Como chegara alí? Esa era a miña verdadeira pregunta.

Erguinme daquela cama mortífera e, como puiden, fun andando cara á porta. O chan, cinsento, estaba frío. Cada paso que daba, era como se me conxelase os pés cada vez máis. Abrín a porta. O primeiro que atopei foi unha cor que resumía todo o lugar; branco. Que era isto? Como cheguei aquí? Que pasa? Esas eran as principais preguntas que habitaban na miña cabeza.

- Ola Lara! Estás ben? - preguntou unha muller dunha estatura maior ca miña.
- Si, supoño. Onde estou? Que é todo isto? – respondín eu algo confusa.
- Estás en HPital, un pequeno hospital psiquiátrico afastado da cidade – dixo a moza.
- Un centro psiquiátrico? Que pasou para que viñera a parar aquí? – preguntei eu de seguido.
- Non te lembrás? – respondeu ela esta vez cunha pregunta.
- Lara, bos días! – interrompeu un mozo – Son Raúl, o teu médico. Vamos, ven comigo, teño que facerche unhas probas para corroborar o teu estado.
- Hmm... Ola – respondín esta vez eu máis confundida do que xa estaba.
- Bueno, Nuria, estamos na sala de resonancias, ata logo! – despediuse Raúl.
- Perdón, pódeme dicir por que estou eu aquí? – preguntei de novo buscando unha resposta lóxica.
- Despois da resonancia dígocho, non te preocupes por iso – dixo el, sosegado.

Tempo despois desta conversa, chegamos a unha sala repleta de todo tipo de maquinaria; ordenadores, máquinas de resonancia, radiografías... Naquel momento, nós eramos os únicos presentes naquel lugar.

- Vale, chegamos Lara. Agora, tes que deitarte aquí e agardar. A máquina vai facer uns ruídos un tanto molestos, pero poñémosche unha protección – avisou o médico.
- De acordo – respondílle eu antes de deitarme nesa padiola acolchada.

Pouco a pouco, metéronme dentro daquela máquina e a partir de aí, non lembro máis.

Espertei outra vez nunha sala branca. Desta volta, ao meu carón estaba Nuria.

- Lara, estás ben?- preguntou preocupada ela.
- Si... e o médico? – respondílle eu, esta vez, lembrándome de Raúl.

- Ah... o médico... eh... está na sala de... resonancias! – respondeu ela cun ton algo sospeitoso – A partir de agora, o médico a cargo de ti vai ser Hugo.
- Hmmm... vale – respondín eu insegura – Podo descansar un pouquiño máis?
- Por suposto. Por certo, ás cinco tes que ir a facer unhas probas – lembroume Nuria.
- Perfecto. Aburiño Nuria!
- Chao Lara! – despediuse ela cun sorriso.

Durmín. Pero esta vez, tiven un soño.

Atopábame nunha casa, polo visto, de propietarios adiñeirados, pois aquela casa era enorme. Ao lonxe, avistei unhas persoas berrando. Facendo o menor ruído, achegueime a aquela escena. Unha muller berraba cunha nena. Asomei a miña orella ao marco da porta.

- Lara! Ti miras o que fixeches!?! – berraba cada vez máis forte.

Ao escoitar o nome de Lara, no momento, pensei que podía ser eu, pero non recordaba ningún momento semellante.

- Mamá, non me botes a culpa do que ti fixeches – intentaba responder aquela nena coa maior calma posible.

De súpeto, escoitouse un ruído forte. Aquela muller déralle unha labazada á súa filla.

A nena, que caera ao chan, levantouse e, con toda a súa forza, agrediu á súa nai.

Naquel momento recordei todo. A miña nai era unha muller que se excedía comigo, pois ela bebía e ao día seguinte, como non lembraba todo o que fixera, botábame toda a culpa a min. A diario, mirábame suxeita a recoller e a limpar toda a desorde na casa. Ademais, como lle dixera que a culpa era súa, a que levaba unha malleira era eu.

Espertei daquel “soño”, e chamei insistentemente: NURIA! NURIA! Nuria, ao eu contarlle o que soñara, sacou do seu peto unha xiringa e, de alí a un anaco, volvíñ durmir.

Brétema

3º PREMIO: SARA RODRÍGUEZ VILAR

Alumna de 3º ESO C



PROBLEMAS NO EDÉN INTERIOR

Cando menos o esperabas supereite, esquecinte, xa non quixen saber nada máis de ti. Mesmo che collera noxo e demasiada rabia. Non tiña a ninguén, nin tan sequera me tiña a min mesma. Pensas que non me custou nada esquecerte, pero o certo é que estiven a piques de morrer por ti, só por ti.

Sentía algo que nunca sentira por ninguén, un sentimento profundo, moi fondo; que me facía quererte cada día máis e máis intensamente. Cada vez que che miraba aos ollos sentía que non existía ninguén máis, só eramos ti e máis eu. Esa mirada carismática que me amosaba sinceridade, que facía que me sentise segura cada vez que a miraba.

O teu sorriso. Esa expresión que a moitos lles é indiferente, pero que para min é o mellor dunha persoa. Con tan só mirarche aos beizos podía saber se estabas ben, se estabas mal, se necesitabas estar só ou se necesitabas a compañía de alguén. Co teu sorriso facíasme sorrir a min.

As túas mensaxes. Esa notificación que chegaba todos os días pola mañá co teu nome e un corazón cun lazo, porque para min eras coma un agasallo que me concedía a vida. Eras o mellor que me pasara en moitísimo tempo. Esa mensaxe que dicía: “Bos días”. Esa notificación chegaba e, con ler dúas palabras, sentíame alegre e completa o resto do día. Non sabes o que me custou levantarme o día que xa non recibín esa mensaxe túa. Era coma se me faltase o aire para respirar. Non podía vivir sen as túas mensaxes.

Todo isto facía que eu me sentise ben comigo mesma, que deixase a un lado as preocupacións, as tristezas, os enfados, os meus complexos... Contigo esquecíame todo. Ti e eu, camiñando, vendo ao noso redor e pensando o afortunados que eramos por atoparnos o un ao outro.

Eses momentos esvaecéronse coma a bruma, dun día para outro todo estaba escuro. Pasara tan rápido que nin me dera conta, ata que te esperei e xa non estabas... Xa non estabas aí para min cando te necesitaba.

Entón deime conta de que a vida pasa voando e que un día está asollado e fai calor, e ao outro atópaste só e con frío.

Mil horas, mil horas foi o que tardei en esquecerte. Mil horas chorando, sen consolo. Encerrada no meu cuarto, berrando baixo o edredón para calar o meu pranto. Desexando esquecerte, pero sen poder facelo. Era imposible.

Como ía esquecer todo aquilo que me facía feliz? Non o sei.

Pasei días e noites, momentos de chuvia e de sol, mañás e tardes chorando desconsolada por ti. Ti eras o motivo polo que eu me levantaba cada mañá da cama. Eras a vela que movía o meu barco. O único raio de sol dun día de tormenta. Queríate demasiado, máis que a min mesma. Era un amor incondicional, infinito. Nunca quixen separarme de ti, pero din que o tempo pon todas as cousas no seu lugar e, unha cousa si estaba clara, o noso lugar non era estar preto un do outro.

Despois de moito tempo chorando, gritando e agonizando en silencio; logreino. Logrei superarte. A ti, aos teus beizos, a túa cara, a túa maneira de quererme e preocuparte por min como nunca ninguén o fixera.

Non me arrepiño para nada de canto te quixen, de amarte como non amara antes a ninguén, de todos eses momentos felices que vivín xunto a ti.

Pero todo iso evaporouse, coma a auga. Ese vapor formou nubes que desataron a tormenta no meu interior. Como todos sabemos, despois da tormenta sempre chega a calma, esa calma que tanto ansiaba que chegase.

Tardou moito tempo en chegar, tanto, que pensei que ía morrer antes de que esa calma viñese a min.

E por fin chegou. Chegou a calma. Unha paz absoluta naceu no meu interior. A tranquilidade que tanto loitara por conseguir por fin estaba aquí comigo. Eu soa enfrontábame ao mundo exterior, novamente, sen ninguén que me protexera dos perigos que estaban por vir.

Non podía esperar máis ao príncipe azul que tanto ansiaba que chegase para rescatarme do mundo no que vivía, así que decidín saír soa e expoñerme ante alguén que non fose o meu reflexo no espello.

Coa chegada da calma, conseguín pasar a páxina do meu libro de recordos, unha obra escrita no meu paraíso interior na que recollo todos os meus pensamentos, inquedanzas e demais preocupacións que aloucan a miña mente nos momentos máis críticos da miña vida. Pasei a páxina, e dei paso ao seguinte capítulo na miña historia.

Capítulo 2.

Bolboreta gris